



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO

Lugar: casa do concello

Data: 13 de setembro do 2017

Hora de comezo: 20.33 horas

Hora de remate: 23.45 horas

ASISTENTES:

Don Manuel Fernández Munín
Dona María del Carmen Botana Cebeiro
Don Antonio González Barral
Dona Ana María Seijo Mosquera
Dona Ana Isabel Alonso Taboada
Don Jesús Sanjuás Mera
Don Jesús José Santasmarinas Devesa
Don Alejandro Bermúdez Devesa
Don Xabier Canabal Fernández
Dona María del Carmen Soutullo Carolo
Don Perfecto Barcala Mosquera

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello e presidindo o alcalde don Manuel Fernández Munín, reúnen-se os concelleiros/as, que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria-interventora Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno, que foi convocada cos requisitos legais esixibles.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Modificación presupostaria nº 2**
- 3. Aprobación conta xeral 2016**
- 4. Non desafectación da escola unitaria de Sergude**
- 5. Información sobre inclusión nova tarifa tanatorio municipal**
- 6. información da alcaldía**
- 7. Mocións do Grupo Municipal Veciños (Instando o cese do concelleiro de s. xerais, a declaración do Pico Sacro como BIC, disposición de local e sobre permisos de explotación mineira)**
- 8. Rogos e Preguntas**

DELIBERACIÓNS

1. Aprobación da acta anterior

O Sr. Canabal fai as seguintes alegacións a acta do pleno do 19 de xullo de 2017:

Imos absternos na aprobación da acta.

Non podemos votar a favor da acta anterior porque se ben no debate dos puntos se recollen as intervencións (a intervención inicial do grupo de veciñ@s é remitida textualmente ao día seguinte á Secretaría do concello), non pasa o mesmo, ao noso ver o mesmo no punto dos rogos e preguntas. Dous exemplos rápidos:

- Cando se pregunta pola repoda de Lestedo, o alcalde di que non sabe nada. Se collemos a acta dise textualmente que *“o señor alcalde responde que esa repoda foi feita pola Asociación de veciños/as de Lestedo e o único que fixeron foi retirar os brotes dos troncos”*.
- Na pregunta numerada como número 5 na acta (sobre dos traballos realizados nunha pista de Ledesma), informóúsenos que se cambiara o proxecto executivo desta pista polo aglomerado xunto a Talleres González. Porén na acta non se fai referencia ningunha á resposta dada en pleno.

En aras a solucionar estes problemas, e como os plenos son públicos, propoñemos que se graven os plenos da corporación (en audio e vídeo) e que estes se colguen na web do Concello ou nunha canle de Youtube para quen teña interese en velos.

Ao final do pleno faremos a proposta completa.

Aceptando as dúas emendas, votamos a favor da aprobación da acta anterior.

Co voto a favor de todos os presentes acéptanse ditas alegacións e apróbbase a acta do 19 de xullo de 2017 coa inclusión das referidas alegacións.

2. Modificación presupostaria nº 2

Dase conta da modificación presupostaria nº 2 deste ano. Comunícase, así mesmo, que na Xunta de Goberno do 7 de setembro aprobouse unha primeira modificación de incorporación de créditos de acordo co establecido no artigo 182 da Lei reguladora das facendas locais e nas Bases de execución do presuposto.

A continuación o sr. Canabal dí o seguinte: “Imos absternos na votación deste punto. E non porque non poidamos votar a favor, poderíamos, posto que se está a propor basicamente a cofinanciación de obras, algunhas delas propostas precisamente por este grupo.

Mais abstémonos pola coherencia co dito na aprobación dos orzamentos. Véxase esta modificación orzamentaria como un exemplo do que alí dicíamos. Amósase a pouca capacidade orzamentaria do Concello. Salvo cubrir os gastos correntes (en moitos dos programas grazas a apoios puntuais doutras administracións), o concello non ten capacidade económica para asumir ningún proxecto. Estase sempre a expensas de

subvencións doutras administracións para financiar algún investimento, case sempre, para arranxos menores de pistas municipais en mal estado.

Neste caso a modificación orzamentaria son debido a proxectos que financia case na súa totalidade o FEADER, o FEDER, e O AGADER.

É dicir, vemos coherencia nas obras financiadas con esta modificación orzamentaria, mais a propia modificación orzamentaria deixa ás claras a incapacidade económica do concello. Un círculo vicioso no que nos meteron, e do que non dan saída. Sacando rebacheos e puntos de luz, detrás do grupo de goberno, non hai nada.”

O Sr. Sanjuás di que están de acordo con esta modificación.

Procédese coa votación e coa abstención do grupo Veciñ@s e co voto a favor dos representantes do PP e en base aos seguintes:

Antecedentes

1/ No DOG do 31 de maio de 2017, saíu publicado a resolución da Axencia Galega de desenvolvemento rural, pola que se conceden directamente as axudas correspondentes ao Plan e mellora de camiños municipais 2017-2018.

O importe adxudicado a Boqueixón é de 47.311,00 €, a executar nas dúas anualidades por importe total do proxecto denominado “Camiño de Castenda á pista do aeroporto e outros”, ascende a 57.246,31 € (IVE incluído).

Tendo en conta que esta subvención non financia o IVE, corresponde aportar ao concello o importe de 9.935,31 €. Sen embargo no presuposto municipal, só existe consignación por importe de 3.000,00 €, para este proxecto (aportación municipal), polo que é necesario **ampliar esta partida por importe de 6.935,31 €.**

2/ No DOG do 20 de xaneiro de 2017, saíu publicada a Orde de 30 de decembro de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para infraestruturas municipais cofinanciadas polo Fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.

A xunta de goberno do 16/02/2017 aprobou o proxecto denominado “Rúa Hixinio Ansemil da Avenida O Pico Sacro á Travesía Milleirós” cun presuposto de 60.391,55 € (IVE incluído).

Posteriormente recíbese no concello a Resolución da Dirección Xeral da Administración Local, de data 7 de xullo 2017, no cal se comunica a subvención concedida por importe de 39.928,30 €, polo que o concello deber aportar 20.463,25 €. Sen embargo, no presuposto municipal só existe consignación por importe de 2.000,00 € para a aportación municipal polo que é necesario **ampliar esta partida por importe de 18.463,25 €.**

3/ O departamento do CIM, debe elaborar cada catro anos un Plan de igualdade de oportunidades municipais para a súa aplicación no concello e tendo en conta que neste ano 2017 remata o terceiro plan elaborado no ano 2013, é necesario iniciar a elaboración do cuarto cuxo custo ascende a 1.500,00 €, para o cal non existe

consignación presupostaria. Polo que é necesario ampliar a partida presupostaria 231.227.99.

4/ No DOG do 18 de xaneiro 2017 saíu publicada a Resolución do 29 de decembro 2016 pola que se aproban as bases reguladoras das axudas cofinanciadas co FEADER no marco do programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.

Por Resolución da Alcaldía de data 31/03/2017 acordouse aprobar a memoria valorada por importe de 67.476,28 € na que se inclúen actuacións no sistema de control depósito de auga Pico Sacro; do bombeo río Ulla e ETAP do Pontillón, acordouse, así mesmo, solicitar á Axencia galega de Desenvolvemento Rural unha subvención correspondente ao 90% do orzamento (60.728,65 €).

Con data 12 de xullo 2017 recíbese no concello a concesión dunha subvención por importe de 52.627,45 € na anualidade 2017 e por importe de 5.847,49 € na anualidade 2018, sendo o orzamento total aceptado de 67.476,28 €, polo que o concello debe aportar **9.001,34 €** para o que non existe consignación presupostaria Polo que é necesario **ampliar este importe na partida 161.600.**

5/ No BOE do 17 de xuño 2017, saíu publicado o Real Decreto 616/2017 polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o peso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativos FEDER de crecemento sostible 2014-2020.

Dentro do obxectivo específico: OE431, o concello pretende acollerse a medida 6: renovación das instalacións de alumeadado, iluminación e sinalización exterior, na cal serán elixibles proxecto que supoñan unha inversión superiora 100.000 € e que non supere o 1.000.000 €.

A porcentaxe de cofinanciación dos fondos FEDER para a comunidade autónoma galega é do 80%, polo que o concello de Boqueixón, terá que aporta o 20% restante. O concello presenta un proxecto por importe total de 128.930,16 € polo que deberá aportar **25.786,03 €**. No presuposto municipal desta ano non existe consignación adecuada e suficiente para este proxecto polo que é necesario **ampliar a partida 165.600 por importe de 25.786,03 €**.

Así mesmo, é necesario ampliar a partida 165.221.99, en **2.120 €** para facer fronte ao gasto correspondente ao 50% da torreta sita en Castromouzo, derribada polo temporal que azoutou Galicia.

6/ Neste ano 2017, o concello debe efectuar unha inspección das instalacións eléctricas, tal como establece o art. 21 do Real Decreto 842/2002 polo que se aproba o regulamento electrotécnico para a baixa tensión.

Tendo en conta os puntos de baixa tensión obxecto de inspección, prévese un custo de 15.000 € mais IVE (**18.150 €**). Importe que non se reflicte, polo que é **necesario, ampliar a partida 165.600** polo citado importe ademais dos 25.786,63 € xa indicados.

7/ No DOG do 20 de xaneiro 2017, saíu publicada a Resolución do 29 de decembro 2016 da axencia de Turismo pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos.

A xunta de goberno do 16/02/2017 aprobou a memoria de “sinalización do Pico Sacro mediante ferramentas tecnolóxicos” por importe de 20.025,50 € e acorda solicitar a subvención da mesma.

Con data 23 de xuño 2017, recíbese no concello a proposta de resolución, na que se concede ao concello unha subvención de 15.019,13 € polo que o concello debe aportar **5.006,37**, para o que non existe consignación presupostaria. Polo que é **necesario ampliar este importe na partida 432.226.00**.

8/ No DOG do 20 de febreiro de 2017 saíu publicada a Orde de 27 de xaneiro de 2017, pola que se regulan as axudas para a habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais.

A xunta de goberno do 16 de marzo de 2017, acordou aprobar os dous seguintes proxectos e solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a correspondente subvención:

- Proxecto de instalación sistema de depuración no solo industrial de Camporrapado. Presuposto: 25.790,16 €.
- Proxecto de rede colectores xerais no solo urbano industrial de Camporrapado. Presuposto: 94.198,40€.

Con data agosto 2017, recíbese no concello a Resolución de data 20/07/2017, da citada consellería pola que se concede ao concello unha subvención de 20.121,51 € para o primeiro proxecto e de 75.358,72 € para o segundo. Consecuentemente o concello debe aportar **5.158,03 e 18.839,68 euros**, respectivamente, para o que non existe consignación presupostaria. Polo que é **necesario xerar estes importes na partida 160.600 do presuposto municipal**

Con todo isto o importe total a incrementar con cargo ao SUPERAVIT ascende a 110.959,11 €.

O SUPERAVIT ascende a 669.660,69 € , de cuxo importe débese deducir os 212.858,06 euros dos créditos incorporados ao presuposto de 2017 polo que queda un resto de superávit de 456.802,63 euros.

9/ Por outro lado con data 20 de xullo 2017 recíbese no concello un escrito da Dirección xeral de mobilidade no cal se comunica que a achega que debe realizar o concello no ano 2017 é de 5.445,44 € polo transporte metropolitano. Dito pago foi aprobado en xunta de goberno do 17 de agosto deste ano. A este importe débese engadir o importe aproximado de 140 de transporte especial (servizos sociais). En consecuencia o total a aboar polo transporte metropolitano neste ano 2017 ascende a 5.585,44 € e o total consignado na partida 441.2.10 é de 11.000,00 €.

Na partida 414. 213.00(2000 €) e na partida 414.221.99 (2000 €) á data xuño 2017, existe un remanente de 1.295,12 e 1.197,88 euros respectivamente, o cal se prevé insuficiente para o gasto habitual de subministro e reparación da maquinaria. Polo que **procede transferir a cada unha das citadas partidas presupostarias 2.707,28 euros**.

Acórdase:

1. Aprobar o expediente de modificación de créditos tal como a continuación se detalla:

a. Con cargo ao SUPERAVIT :

Partida	Estado de gastos	Importe
414/600.00	Cño. Castenda á pista aeroporto e outros	6.935,31 €
153.2/600.01	Cño. Hixinio Ansemil Avda. Pico Sacro a Milleirós	18.463,25 €
831/227.99	Plan de igualdade oportunitades CIM	1.500,00 €
161/600.00	Actuacións sistema control depósito auga ETAP Pontillón	9.001,34 €
165/600.00	Renovacións instalacións alumeadado...	25.786,03 €
165/221.99	Torreta Castromouzo derribada por temporal	2.119,10 €
165/600.01	Inspeccións instalacións eléctricas	18.150,00 €
432/226.00	Sinalización Pico Sacro mediante ferramentas tecnolóxicas	5.006,37 €
160.600.01	Instalación sistema depuración solo industrial Camporrapdo	5.158,03 €
160.600.02	Rede colectores xerais solo industrial de Camporrapado	18.839,68 €
TOTAL		110.959,11

b. Con cargo a transferencia doutras partidas por importe de 5.414,56 €

Á partida	Ttransferenc	T.Grupo programas	Da partida	Crédito existente	Crédito restante	T.Grupo programas
414.213.00	2.707,28	63.707,28	441.2. 441.10	11.000,00	8.292,72	8.292,72
414.221.99	2.707,28	66.414,56	441.2. 441.10	8.292,72	5.585,43	5.585,43

c. Con estas modificacións o presuposto de ingresos e gastos queda tal e como a continuación de detalla:

Estado ingresos					Estado gastos				
Cap.	P.Inicial	Incre mento	Dimin .	P.definitivo	Cap.	P.Inicial	Incremen to	Dimin.	P.definitivo
1	790.000,00	--	--	790.000,00	1	1.279.694,00	--	--	1.279.694,00
2	35.000,00	--	--	35.000,00	2	1.290.275,00	14.040,03	--	1.304.315,03
3	370.270,44	--	--	370.270,44	3	--	--	--	--
4	1.450.872,00	--	--	1.450.872,00	4	36.903,00	--	5.414,56	31.488,44
5	2.000,00	--	--	2.000,00	5	--	--	--	--
6	--	--	--	--	6	646.270,44	102.333,64	--	748.604,08
7	605.000,00	--	--	605.000,00	7	--	--	--	--
8	3.000,00	--	--	3.000,00	8	3.000,00	--	--	3.000,00
9	--	--	--	--	9	--	--	--	--
Tot.	3.256.142,44	---	---	3.256.142,44	Tot.	3.256.142,44	116.373,64	5.414,56-	3.367.101,52

2.- publicar este acordo no BOP, no taboleiro de edictos e na páxina web municipal, durante 15 días aos efectos de presentación de posibles reclamacións e considerar este acordo definitivo, no caso de non presentarse ditas reclamacións.

3.- Aprobación Conta Xeral 2016

Neste momento, cando son as 21:00 horas, entra no salón de plenos o concelleiro Santasmarinas Devesa.

Dáse conta da Conta Xeral 2016, a cal foi informada na Comisión Especial de Contas que tivo lugar o 13 de xuño de 2017.

A conta estivo exposta ao público durante quince días hábiles e os oito seguintes mediante a súa publicación no BOP nº 117 de 22 de xuño 2017, e no taboleiro de edictos do concello, non presentándose reclamacións contra a mesma.

A continuación o Sr. Canabal di o seguinte: “tal e como xa dixemos no debate en comisión, queremos deixar constancia da grande dificultade que nos resulta ano a ano facer unha avaliación precisa da conta, a pesares de que temos desenvolvido follas de cálculo para levar un control cando menos trimestral da mesma. Mais á hora do peche, vemos como cambian resultados, deixando o traballo previo que temos feito sen moito valor, salvo para facer unha “análise aproximada” da mesma. Imos tentar razoar esta idea.

En primeiro lugar comezamos polo resultado orzamentario. Primeiro cambio entre a Conta Xeral e o día de hoxe:

- No documento contable presentado temos un **RESULTADO AXUSTADO ORZAMENTARIO OU SUPERÁVIT** de 669.660,69 €. Hoxe, etendo en conta os gastos de 2016 traspasados a este exercicio 2017, tal e como se especifica no Informe de Intervención do punto anterior, este xa baixou 212.858,06 €. Polo tanto o **RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO OU SUPERÁVIT** é de 456.802,63 €.

Fixemos tamén unhas anotacións sobre a memoria posto que faltaba unha concellaría, o número de traballadores que se reflectía non nos parecía o correcto (so aparece o persoal fixo e non o temporal) e outras cuestións.

Algunha das correccións apreciadas na conta, sobre todo na memoria, parece que foron corrixidas, mais non se nos facilitou a conta xeral corrixida coas incorporacións feitas na Comisión de Contas. E saben tamén vostedes, que o noso grupo non realiza “profesións de fe”.

Pois ben, aparte do dito na Comisión de Contas, que ratificamos hoxe, queremos facer algunhas consideracións ou apuntamentos contables, ademais de finalmente e dun xeito moi breve, xustificar o noso voto en contra.

Quede claro que o voto contrario non vén dado polos apuntamentos contables, senón polo fondo político da conta, co que estamos **ABSOLUTAMENTE EN DESACORDO**.

APUNTAMENTOS CONTABLES

Facemos algunhas precisións en torno ao expediente da conta xeral, e que non son deberan ser novidade co que vimos dicindo nos últimos anos.

Polo lado dos gastos distinguimos varias cuestións:

- **O Efecto chicle do REC**, facturas pasadas dun lado a outro. Ao pasar facturas sen control dun lado para outro resulta certamente complicado facer unha fiscalización da conta e saber o financiamento de cada un dos programas.
- **O Efecto chicle accesorio:** Ademais do REC temos facturas correspondentes ao exercicio 2015 que son cargadas neste orzamento (como poden ser as de SOGAMA, as do Consorcio de Servizos Sociais... En fin, as facturas do mes de decembro poden estar imputadas ao exercicio 2015 ou 2016 sen REC. Isto dificulta moito poder realizar unha correcta fiscalización dos distintos programas de gasto. Coa modificación legislativa contable do presente ano, parece que a priori este efecto desaparecerá na conta correspondente ao presente exercicio.

En canto ás anotacións dos distintos gastos, tamén encontramos varios aspectos que nos impiden facer unha imputación correcta aos distintos programas de gastos, dos cales poñemos a continuación algún exemplo:

- Existen facturas contabilizadas en contas que non deberan empregarse (Internet na conta 230.20 – Do persoal non directivo (aínda que existe vinculación xurídica entre os créditos, poderían empregarse as contas correctas).
- Hai desprazamentos do persoal anotados como material de oficina.
- Existen anotacións en programas que non existen no orzamento como no caso das facturas de control ambiental do vertedoiro no programa 1721.
- A cota da FEMP é tamén material de oficina.
- Existen facturas de Alumeado Público anotadas con unha partida de reparación e mantemento (aínda que exista vinculación deberan estar na partida correcta).
- As dietas por desprazamento dos traballadores do Concello aparecen sempre no programa 920 (Administración Xeral), con independencia do programa no que deba imputarse (e neste caso non pode existir vinculación ao ser entre partidas de diversas áreas de gasto).
- Existen facturas por reparación de maquinaria no programa 920 cando deberan estar noutros programas. O arranxo de tractores, camións do lixo non son competencia do programa de Administración Xeral, senón doutros programas.
- O custo do transporte de alimentos da cruz vermella contabilízase como unha transferencia cando deba computarse como un gasto do grupo 2.
- Existen facturas de abastecemento que están metidas no programa do saneamento. Deste xeito non imos saber nunca o custo real do servizo de abastecemento, nin do de saneamento.
- Hai arranxos do camiión do lixo no programa de protección civil (non pode haber vinculación xurídica de créditos ao ser entre distintas áreas de gasto).
- A amortización da débeda confúndese cos xuros da mesma débeda. Hai amortización de débeda anotada como xuros (o que significa un cambio nos créditos do grupo 3 ao 9).
- Hai algunha factura do mantemento ascensor do CPI no programa 920 (tampouco pode existir vinculación xurídica entre programas de distintas áreas de gasto).
- O caso do gasóleo é unha cuestión de fe. Sabemos a que grupos se imputa (ao que cadre), pero non temos unha estimación do gasóleo aos distintos programas do orzamento. E ao falar de distintas áreas de gasto, aquí tampouco pode haber vinculación xurídica entre créditos. Atopamos incluso gasóleo A contabilizado como Xestión do Patrimonio. É posible, máis antóllasenos raro.

- Chama a atención como todos os anos os volumes das facturación realizada con Rendo Facorro María Luisa por materiais varios servidos sen ningún tipo de contrato. Son compras puntuais, pero tan puntuais que suman 36 facturas por un importe no 2016 de 37.274,41 €. Existen máis negocios de venda de materiais de construción no noso concello e a súa facturación con este concello é nula, ou próxima ao 0.
- Puidemos tamén ver facturas enerxéticas do Abastecemento como Alumeado Público.
- Tamén temos facturas do 2016 pagadas no 2017 sen ser polo REC; xa dixemos anteriormente que no presente exercicio estas minorarán o resultado orzamentario (menor superávit que o expresado nesta Conta Xeral).
- Por último, vimos na conta algún cargo sen facturas como son a ELABORACIÓN DE ESTRATEXIA AMBIENTAL por Zifra Enxeñería e un cargo da Editorial Compostela sen factura que o xustifique;

En canto aos ingresos tamén queremos facer algunha observación:

En primeiro lugar vemos que existen ingresos contabilizados na conta 321 (Taxas) que deben corresponder total ou parcialmente ao ICIO. Entre estes destacamos:

- 7690,35 € de Unión Fenosa distribución.
- 1870,17 € de Antonio Mallón.
- 2261,00 € de Diego Cajaraville.
- 2941,24 € de Talleres González, SL.
- 3000,00 € de Natalia Lobato.

Supoñemos que parte destes será polo ICIO.

Tamén observamos que existen ingresos da Escola Infantil que son contabilizados como Servizos Educativos (312) e outros (a maioría) na conta 342.

O Convenio Dragal con RAMSA está contabilizado nunha conta 420,01 que non temos constancia que exista na estrutura orzamentaria.

Os cursos de informática están contabilizados como servizos culturais, cando deberan, ao noso ver, estar contabilizados como servizos educativos.

Por último queremos referirnos a dúas cuestións:

- Os ingresos da piscina, por importe de 2.094,00 €, 657,00 € e 844,00 € están xustificados en follas de caderno. Pode ser que este método estea xustificado para as anotacións da caixa B de Bárcenas, mais non é correcto para a xustificación de actividades dunha Administración Pública.
- Despois tamén nos sorprende un ingreso dunha Excursión a Cangas (349,95 €) sen ningún tipo de soporte xustificativo.

Levamos anos manifestando que todo ingreso do concello debe ter unha xustificación, que debe haber matrices e saber por que, cando e como pagan os servizos os nosos veciños. Recoñecer que está mal non é suficiente. Hai que solucionalo, e non é tan difícil nin caro se hai vontade.

O que non é admisible é que en pleno ano 2017 se sigan producindo estas situacións.

Neste punto produciuse un amplo debate coa secretaria do Concello.

En canto aos ingresos da excursión, a secretaria di que co xustificante dos ingresos achégase un informe do persoal responsable da tramitación do expediente, xustificativo dos ingresos e cuxos prezos se publican na xanela municipal (*feitas as comprobacións oportunas, resulta que no expediente tramitado polo correspondente departamento consta: o listado dos participante (47 persoas), aprobación dos prezos en xunta de goberno(20 €), publicación na xanela municipal, facturas dos gastos (comidas de 48 participantes máis o acompañante municipal), informe no que consta a participación das 47 persoas e o custo de 20 €/persoa, e xustificante bancario do ingreso da diferenza entre o acadado e o realmente gastado*). Co cal queda totalmente xustificadas os ingresos acadados, os gastos efectuados e o reintegro ao concello do non gastado. Non obstante, independentemente de que en tesourería queden acreditados os ingresos e gastos, deberíase entregar aos usuarios algún xustificante da súa achega.

No caso da piscina, segue dicindo a secretaria tratase dunha taxa regulada mediante a correspondente ordenanza fiscal, polo que os ingresos deben estar xustificadas.(*feitas as comprobacións oportunas, xunto cos ingresos efectuados consta a correspondente relación dos usuarios*). Non obstante, deberíase entregar aos usuarios algún xustificante da súa achega.

En conclusión (segue dicindo o sr. Canabal) ademais do dito ata aquí, queremos, sobre todo, incidir no que estas contas supoñen ao noso ver.

Consideramos insustentable a forma de levar este concello. Un concello caro e ineficiente, con 42 traballadores (que na realidade son máis) e a maioría dos servizos externalizados en empresas. Un concello que non crebou polas subidas astronómicas dos impostos directos (vehículos e sobre todo IBI), e tamén polo incremento constante nos últimos anos das taxas e prezos públicos.

Temos a obriga de darlle senso a xestión pública, e de actualizar o concello ao século XXI atendendo as novas demandas da veciñanza, e atender sobre todo a aqueles que máis precisen dos servizos públicos. E non por solidariedade, senón por dereito.

Hai que camiñar cara unha xestión racional, remunicipalizando a maioría dos servizos públicos para prestalos de xeito eficiente. Porque de seguir así, coa mesma xestión externalizada, coa ameaza doutras administracións de recoller moitos dos servizos, este Concello quedará baleiro de contido, como paso previo á súa desaparición.

Queda moito que facer na xestión diaria do concello para adaptalo á realidade que todas/os precisamos. E aquí, unha vez máis, facemos unha diagnose da situación e á súa vez, nesa mesma diagnose poden verse as alternativas que expoñemos.

Non facemos unha visión apocalíptica. Mais ben ao contrario.

Aspiramos saír deste círculo vicioso. Aspiramos a que o rumbo deste concello cambie dos anos de asfalto e cemento, a estar na vangarda dos servizos públicos de calidade.

Necesitamos políticas activas para a xente con menos recursos, para os nenos, para os vellos, políticas de conciliación, políticas activas para os empresarios e pequenos autónomos, para os gandeiros, para os hostaleiros, para as asociacións que se encargan da dinamización da cultura... Necesitamos un concello vivo, que se desenvolva e medre. Temos que camiñar cara unha prestación de servizos efectiva ás novas necesidades da xente e que permita que Boqueixón sexa atractivo para vivir, para traballar... E iso só é posible se incrementamos o nivel dos servizos (Comunicacións,

servizos educativos e culturais, conciliación, apoio aos sectores produtivos, ao sector turístico...). Porque podo asegurarlle que daquel concello que se presumía hai anos, con máis servizos que outros do rural, hoxe queda só o espiñazo. E cada vez, a xente que vivimos en Boqueixón sáenos máis caro vivir aquí.

Porén, as políticas que están resumidas nesta conta Xeral e que van ter o seu voto favorable, resumen tan só políticas de parcheos, asfaltos, puntos de luz e pegotes de cemento.

Políticas todas que nos están “empequenecendo”. En xente, en oportunidades e en futuro.

Houbo posteriormente bastante debate co Alcalde, no que nos reafirmamos e ampliamos o argumentario empregado nesta parte final da intervención.

O Sr. alcalde di que non entra na valoración da Conta Xeral partida ou conta por conta, senón que entra só na súa valoración política e di o seguinte:

- En canto á política de persoal
Neste concello o ánimo que move ao equipo de goberno é o de prestar cada vez mellores servizos aos veciños e con esta intención o persoal que se precisa contratar eventualmente faise con total transparencia e expresamente para lograr que os servizos que temos que prestar se faga axeitadamente. O que non se está a facer é cargar ao concello con persoal que non sexa imprescindible.
As contratacións fanse con total transparencia e sen ningún tipo de intromisión ou directriz política no proceso.
- En canto á política de externalización de servizos
Neste exercicio 2016 asumíuse por parte do concello o servizo de abastecemento de auga, polo que isto contradí o que vostedes están a dicir en canto a que cada vez se externalizan máis servizos.
O grupo popular tamén debe valorar que servizos se prestan mellor con medios propios pero tamén reconece que hai moitos servizos nos que a externalización é a solución óptima para sácalos adiante de xeito eficiente para o disfrute dos veciños.
- En canto ás políticas de apoio aos autónomo e emprendedores
A todos os proxectos que se presentan no concello se lles da a máxima prioridade na tramitación, se lles presta asesoramento, orientación e todo o que poidan precisar para que o proxecto que intentan levar a cabo acade o seu fin.
- En canto ao apoio ao tecido societario
Son vostedes bastante contraditorios pois si ás asociacións que solicitan algunha subvención se lle da, isto é criticable porque facemos un uso interesado do diñeiro público e se non se lle da porque non se lle da. Si non hai un tecido societario no concello importante coma noutros momentos, non creo que sexa porque non haxa subvencións por parte do concello. Dígame vostede, que asociación do concello solicitou algunha subvención e se lle denegou e por qué se lle denegou.

No ano 2016, en Boqueixón houbo 37 nacimentos, que xa os quixeran en concellos máis grandes, pero a poboación non medra porque tivemos máis de 100 falecementos, non porque os servizos que prestamos non sexan bos.

O Sr. Canabal di que en Boqueixón non hai servizos polo que o concello non é atractivo para vivir.

Se máis procédese coa votación, e cos votos a favor dos representantes do PP e en contra do grupo Veciñ@s apróbase a Conta Xeral correspondente ao ano 2016.

4. Non desafectación da escola unitaria de Sergude

Dáse conta da resolución da Dirección xeral de centros e recursos humanos, pola que non se concede a autorización previa á desafectación da vivenda da escola unitaria de Lamas - Sergude porque vulnera o establecido no apartado 2 a) do artigo 3 do Real Decreto 132/2010 de 12 de febreiro.

O Sr. Canabal di o seguinte:

Temos que manifestar a nosa sorpresa coa desafectación. Aprobamos a desafectación, e agora, por acatamento imos ter que votar tamén a favor da non desafectación.

Diciamos no pleno de maio, cando se aprobaba inicialmente a desafectación, que *“Como o obxectivo desta proposta vai no senso da moción que presentamos neste pleno sobre a creación dunha bolsa de alugueiros sociais, apoiamos a proposta e argumentarémola cando defendamos esa moción”*.

Mais textualmente diciamos tamén que *“Segundo informe xurídico da Secretaria, arguméntase que esta proposta é conforme á lei”*.

E parece que neste punto os servizos xurídicos emitiron un informe incompleto, ignorando a lexislación en materia educativa.

Toda vez que os concelleiros deste pleno tomamos, ou cando menos os concelleiros deste grupo, decisións baseándonos nos informes dos servizos xurídicos deste concello, solicitamos e mesmamente esiximos que estes informes se fagan con maior rigorosidade para non caer nestas situacións, que consideramos de “facer o ridículo”.

Neste momento a secretaria di que se solicitou autorización ao organismo que corresponde autorizar a desafectación neste caso (*e precisamente porque se trataba dunha vivenda situada no mesmo edificio da escola*) polo que non se cometeu ningunha ilegalidade .

E aínda non estando de acordo(segue o Sr. Canabal) coa lei de educación, que parece que quere **isolar?** nunha burbulla aos nenos, acatamos a resolución da Consellaría e conminamos ao equipo de goberno a seguir traballando para poder dispor dalgunha vivenda que se poida adicar ao alugueiro social. Dicimos isto, porque de toda a vida os locais sociais e outros locais sectoriais estiveron nos edificios das escolas, e non por iso os nenos colleron un trauma.

Sen máis, por unanimidade e en base aos seguintes:

Antecedentes

1º.-O pleno da corporación na sesión celebrada o 10 de maio de 2017, acordou:

Primeiro. - Iniciar o expediente de desafectación do dominio público do seguinte ben:

- Vivenda para mestres de 144 m², situado na segunda planta da edificación construída na parcela situada en Lamas – Sergude.
Referencia catastral: 000401100NH44A0001QE, inscrita no Rexistro da Propiedade, número de finca 18330; tomo 1238; libro 87; folio 90.
Inscrita no inventario municipal de bens.

Segundo. – Xustificar a oportunidade da alteración da cualificación xurídica, pola necesidade de utilizar a citada vivenda para fins sociais, sendo destinada ao uso de familias necesitadas por circunstancias excepcionais e sobrevidas, por un tempo determinado.

Terceiro. – Expoñer ao público o expediente por un prazo de **un mes** mediante publicación no BOP, na páxina web do concello e no taboleiro de edictos, e solicitar simultaneamente autorización previa para a desafectación de dito inmovible á Xefatura Territorial da Consellería de Educación.

Cuarto. – Considerar a desafectación definitivamente aprobada no caso de non presentase reclamación e de obterse a correspondente autorización da Consellería de Educación.

2º.- No Boletín Oficial da Provincia do 3 de xullo de 2017, saíu publicado o anuncio da exposición pública, non constando a presentación de reclamacións contra a desafectación.

3º.- Así mesmo, con data 17 de maio deste ano remítese a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, certificado do acordo adoptado solicitándolle autorización para levar a cabo a desafectación.

4º.- Con data 20 de xullo de 2017, recíbese no concello a Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, na cal se resolve NON AUTORIZAR a solicitude presentada polo concello por entender que se vulnera o establecido no apartado 2 a) do artigo 3 do Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.

Fundamentos xurídicos.

Según a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación, no apartado 2 da disposición adicional décimo quinta e o Decreto 250/1988 de 21 de xullo no seu artigo 6) , é preceptiva a autorización previa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que os edificios escolares poidan destinarse a outros servizos ou finalidades.

Á vista da Resolución da Dirección Xeral de Centros a vivenda non pode ser desafectada, pois o centro educativo debe situarse en edificio independente destinado exclusivamente a uso escolar,

acórdase:

Primeiro.- aceptar a resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de data 18 de xullo de 2017, recibida no concello o 20 de xullo de 2017 , pola que non se concede autorización previa á desafectación da vivenda da escola de educación infantil de Lamas - Sergude.

Segundo.- non desafectar do dominio público o seguinte ben:

- Vivenda para mestres de 144 m², situado na segunda planta da edificación construída na parcela situada en Lamas – Sergude.
Referencia catastral: 000401100NH44A0001QE, inscrita no Rexistro da Propiedade, número de finca 18330; tomo 1238; libro 87; folio 90.
Inscrita no inventario municipal de bens.

Terceiro. – publicar este acordo de non desafectación da citada vivenda da escola de educación infantil de Lamas - Sergude.

5. Información sobre inclusión nova tarifa tanatorio

No Pleno realizado o día 26 de novembro de 2014, aprobouse o regulamento interno sobre as condicións de uso do tanatorio municipal, cumprindo así co especificado nos pregos que rexeron o contrato de concesión do uso privativo para a explotación e mantemento dun tanatorio municipal.

Con data 1 de setembro de 2017, a empresa Funeraria Casablanca, SL, concesionaria do servizo de explotación do tanatorio, solicita que se inclúa no regulamento, un novo tipo de tarifa polo servizo denominado “Persoal asistencia tanatorio” cun importe de 140 euros por velorio.

O artigo 13 do prego de cláusulas da concesión do uso privativo para a explotación e mantemento dun tanatorio –velorio na planta baixa do local social de Camporrapado, aprobado no pleno de 21 de decembro de 2012, establece no parágrafo segundo que “tendo en conta que se trata dunha concesión demanial e non dun servizo público municipal o concesionario terá liberdade para o establecemento dos prezos das actividades que preste. Non obstante o concesionario, con anterioridade ao inicio da prestación do servizo remitirá ao concello a relación dos servizos e tarifas que cobrará aos usuarios pola prestación dos servizos. Non se poderá cobrar tarifa algunha sen que previamente fose comunicada ao concello e exposta en sitio visible no tanatorio”

O Sr. Canabal di o seguinte:

Aínda que sexa un punto informativo e non se vote, queremos facer algunha consideración. Certo é que estamos contra da ubicación do Tanatorio, pero isto non quita a que se cumpran as mínimas condicións de hixiene deste local.

Primeiro dicir que a limpeza do local é certamente lamentable; o aire acondicionado funciona de xeito aleatorio (é dicir, cando cadra), as portas dos baños non pechan e existe unha carencia de bancos. Por outro lado non existe dentro nin unha soa máquina para que os familiares do defunto poidan tomar unha auga ou un café...

Esiximos pois á empresa que corrixa estas deficiencias, ou senón ao concello a que tome as medidas oportunas para facelas cumprir; aínda que se trate dunha actividade explotada por unha empresa privada, non podemos permitir que o local pareza máis ben un cortello que un tanatorio.

Por outro lado, dicir tamén que tivemos unha queixa rexistrada neste concello do ano pasado, e que aínda se respondeu neste ano polo que, aínda que somos conscientes de

que se contestou na pasada semana, esiximos que se pidan desculpas. Como Concelleiros, sentímonos avergoñados con esta situación.

O pleno da corporación dáse por enterado da modificación do ANEXO do regulamento (tarifas dos servizos no tanatorio municipal), ao incluír a tarifa de 140 €/velorio por persoal asistencia velorio, quedando redactado tal como a continuación se detalla:

REGULAMENTO INTERNO DO USO DO TANATORIO MUNICIPAL

ARTIGO 1 – OBXECTO

E obxecto deste regulamento a regulación do funcionamento do uso do tanatorio municipal situado na Casa da Cultura de Camporrapado

ARTIGO 2 – HORARIO DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO

O servizo de Tanatorio estará dispoñible as 24 horas do día, durante todo o ano.

ARTIGO 3 –DEREITOS DOS USUARIOS

A . Os usuarios dispoñen de todos aqueles dereitos derivados como consecuencia dos dereitos e obrigas legais ou regulamentarias do concesionario, Funeraria Casablanca, SL

B. Na recepción do tanatorio porase a disposición do público o contido de todos os servizos que se prestan, con indicación detallada das tarifas, prezos vixentes e demais elementos que os constitúan.

C. Funeraria Casablanca, SL , como empresa concesionaria, deberá ter a disposición do público un libro de reclamacións. Este libro estará a disposición das autoridades competentes.

ARTIGO 4 – ACCESO ÁS DEPENDENCIAS DO TANATORIO

A . En cada zona do tanatorio desenvolveranse as funcións propias do mesmo. Dependendo da actividade que se desenvolva en cada zona, o acceso do público e/ou persoal que non pertenza á empresa que xestiona o tanatorio, será limitado total ou parcialmente.

B. Estableceranse accesos específicos para o persoal e vehículos funerarios de modo que os féretros ou demais bens sexan transportados directamente ós túmulos e demais zonas de acceso restrinxido unicamente polo persoal da empresa concesionaria.

ARTIGO 5 – TIPOS DE SERVIZOS

As instalacións do tanatorio municipal permiten a realización de servizos de velorio, tanatopraxia e conservación de cadáveres en neveira, prestándose cada un deles na zona habilitada para o efecto.

ARTIGO 6 – PRESTACIÓNS DE SERVIZOS

A As solicitudes de prestación de servizos, formuladas de acordo coas condicións de funcionamento establecidas, serán atendidas polo orden en que se produzan e no prazo que permita a capacidade das instalacións.

B O acondicionamento e tratamento sanitario dos cadáveres será realizado polo concesionario, Funeraria Casablanca, SL, de conformidade co previsto na normativa vixente que resulte de aplicación.

C O responsable da concesionaria, Funeraria Casablanca, SL poderá esixir ás empresas funerarias que presten os servizos o cumprimento da lexislación vixente no que respecta á exposición de cadáveres na sala velorio.

D Salvo autorización da concesionaria, non se permitirá o uso de elementos externos do mobiliario subministrados por parte de empresas externas, en calquera caso o uso de elementos adicionais será subministrado por parte da concesionaria.

ARTIGO 7 – SOLICITUDE PARA O USO DOS SERVIZOS

A. A solicitude para o uso dos servizos que ofrece o tanatorio deberá solicitarse a Funeraria Casablanca, SL, na recepción do tanatorio ou por teléfono.

B. Si unha vez concertado o servizo se solicitara a ampliación da súa duración, esta será atendida na medida que permita a dispoñibilidade das salas do velorio.

ARTIGO 8 – PERÍODOS DE USO

A. A utilización do servizo das salas do velorio efectuarase por un período mínimo de 24 horas, podendo utilizarse horas adicionais mediante a realización da solicitude oportuna. O período contabilizarase desde a reserva efectiva da sala.

B. A utilización do servizo de neveira efectuarase por horas

ARTIGO 9 – LIMPEZA E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS

A Ó remate de cada servizo, as salas serán obxecto, de xeito inmediato, da limpeza e preparación necesaria para a súa nova utilización.

B Os arranxos florais que con motivo da prestación do servizo fúnebre se adquiriran, serán colocados dentro do túmulo unicamente polo persoal de Funeraria Casablanca, SL . Ó mesmo tempo, si estes arranxos non fosen retirados posteriormente polos familiares ou persoas designadas a tal efecto e quedasen en depósito da concesionaria, serán destruídas segundo a normativa vixente.

ARTIGO 10 – RESPONSABILIDADE DAS EMPRESAS FUNERARIAS

Será responsabilidade destas o arranxo do cadáver, a limpeza e presentación da arca fúnebre así como a conducción do cadáver ata a entrada ás instalacións do tanatorio.

2 Aprobar a relación de tarifas e servizos que o concesionario cobrará ós usuarios pola prestación dos servizos, que a continuación se transcribe literalmente:

ANEXO 1: TARIFAS DOS SERVIZOS PRESTADOS NO TANATORIO MUNICIPAL

TIPO DE SERVIZO	PREZO
Uso da sala velorio (24 h)	480 euros

Horas a partires das 24 h	10 euros/hora
Sala de preparación	120 euros
Servizo de neveira	10 euros/hora
Persoal asistencia tanatorio	140 euros/velorio

- A tódolos servizos aplicaráselle o 21% de IVE

3. Comunicar á empresa que deberá ter exposto en lugar visible, tanto as tarifas como o regulamento.

4. Expoñer ó público, no taboleiro de anuncios e na páxina web.

6. Información da alcaldía

a/ Dáse conta dos decretos habidos dende o 15/07/2017 ao 08/09/2017

1	Autorización tirada de fogos	8
2	Autorización de festexos	6
3	Solicitud subvención	1
4	Contratación traballadores	2
5	Contratación obras	2
6	Nomeamento de xurado para concurso	1
7	Aceptación premio	1
8	Adxudicación obras	3
9	Aboamentos facturas	3
10	Apertura sobres C	1
11	Modificación orzamento	1
12	Aceptación axuda económica	1
13	Renuncia posto de traballo por baixa	1
14	Aprobación convenio	1
15	Xeración de crédito	1
16	Nomeamentos contratación	1
17	Nomeamentos de persoal para selección de persoal	1
18	Clasificación ofertas obras	1

b/ Así mesmo, dáse conta do expediente de incorporación de créditos aprobado na Xunta de Goberno do 7 de setembro de 2017 por importe de 212.858,06 €.

De todo o cal se dan por enterados.

7. Mocions do Grupo Municipal Veciños

Primeira: Instando o cese do Concelleiro de Servizos Xerais.

Defende esta moción o Sr. Canabal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

PRIMEIRO.- O pasado 10 de maio, o equipo de goberno de Boqueixón aproba unha factura do restaurante A Cañiza pola figura do recoñecemento extraxudicial. Esta factura é relativa a unha comida duns traballadores do concello (6) por importe de 140 € (23,33 €/cada un) dun menú composto de croquetas, langostinos, navallas, parrillada de carne, bebida sobremesa e café.

SEGUNDO.- O expediente plenario facilitado aos concelleiros consta da propia proposta da alcaldía de aprobación da factura, da factura a aprobar, copia dos certificados de correos, dous informes de intervención do concello poñendo reparos á factura orixinal e dous informes asinados polo Concelleiro de Servizos Xerais (Sr. Sanjuás Mera), do 13/01/2017 e de 23/03/2017.

No primeiro informe do concelleiro dise “*Que con data 19/12/2016 os 6 albaneis que se atopaban na obra do campo de fútbol do Forte, coa finalidade de continuar coas obras pola tarde, desprazáronse a comer ao Restaurante A Cañiza en Camporrapado*”.

No segundo dos informes, xustifícase o mesmo que no primeiro pero vemos a relación dos traballadores que foron ao xantar.

Textualmente informa o concelleiro “*Que con data 19/12/2016 os 6 albaneis que se atopaban na obra do campo de fútbol do Forte, coa finalidade de continuar coas obras pola tarde, desprazáronse a comer ó restaurante A Cañiza en Camporrapado.*

Os traballadores que asistiron foron:

- *José Roberto Junquera García*
- *Cesáreo Cereijo Caneda*
- *José Ferreiro Ferreiro*
- *Higinio Aldrey Uzal*
- *Fidel Balo Mosquera*
- *Emilio José Vazquez Costa*

TERCEIRO.- No pleno municipal de 19 de xullo de 2017, o grupo municipal de Veciñ@s demostra que na data do xantar (e da factura), os 6 traballadores estaban en situación de baixa no concello, é dicir, remataran o seu contrato laboral co Concello de Boqueixón, tal e como se relaciona a continuación:

TRABALLADOR	DATA BAIXA
José Roberto Junquera García	17/12/2016
Cesáreo Cereijo Caneda	17/12/2016
José Ferreiro Ferreiro	17/12/2016
Higinio Aldrey Uzal	17/12/2016
Fidel Balo Mosquera	03/12/2016
Emilio José Vázquez Costa	03/12/2016

CUARTO.- Ante a constatación de que todos os traballadores remataran o seu contrato laboral co concello, e interpelado na propia sesión plenaria do mes de xullo polo grupo de Veciñ@s, o concelleiro aludido, ao igual que o alcalde non contestaron ás preguntas realizadas. Porén os servizos de Secretaría si fixeron averiguacións posteriores ao pleno, manifestando o seguinte na propia acta do pleno:

Unha vez feitas as oportunas comprobacións comunicase o seguinte:

En primeiro lugar, débese ter en conta o artigo 7 do regulamento polo que se regulan as obrigas da facturación, que establece para as facturas simplificadas (tal é este caso) que deberán conter os seguintes datos, entre outros:

- a) Data da súa expedición.
- b) Data na que se efectuaron as operacións que se documentan.

A data de expedición da factura é o 19 de decembro do 2016, pero a data na que se efectuaron as operacións, xantar neste caso, é o 3 de decembro, tal como consta no albarán correspondente.

En consecuencia, neste senso a factura é correcta, aínda que si debería constar na mesma factura a data na cal tivo lugar o xantar porque de non facelo, e non constar por medio doutro documento (albarán), entenderíase que é a mesma data da expedición. Pero neste caso si existe un albarán e na data de 3 de decembro os traballadores si mantiñan o seu contrato en vigor.

En canto ó informe, no cal se fai constar que a data do xantar foi o 19, suponse que é un erro porque así o mantén o propio asinante do informe (Sr. Sanjuás Mera) e porque no albarán consta outra data diferente.

QUINTO.- Tal e como puido comprobar o grupo municipal de Veciñ@s, o concello si convidou aos traballadores a un xantar, pero este foi o 13.12.2016 e non o día 3 de decembro tal e como manifestan os servizos de secretaría do concello.

SEXTO.- Tal e como puido comprobar o grupo municipal de Veciñ@s, a comida pagada polo concello aos traballadores non foi á carta, senón un menú do día, polo tanto o importe non pode coincidir coa factura pagada extraxudicialmente e aprobada no pleno de maio.

SÉTIMO.- Outra das consideracións que puidemos comprobar é que a comida á que alude a factura aprobada extraxudicialmente no mes de maio, corresponde a unha comida que os traballadores fixeron o 09/12/2016, con motivo da finalización do seu contrato, pero **FORON OS PROPIOS TRABALLADORES OS QUE PAGARON DITA FACTURA.**

OITAVO.- Literatura xurídica aparte, dicir que a resposta dada polos servizos de secretaría realizada na acta do 19 de xullo de 2017, resulta “sorprendente”. Aparece un albarán tras a constación que fixeron os concelleiros do grupo municipal de Veciñ@s de data 03/12/2016, que non corresponde con ningunha comida tal e como afirman os propios traballadores; simplemente cadra coas datas de finalización dos contratos.

Dicir, obviando a literatura xurídica empregada polos servizos de secretaría, que un albarán non pode ter ningunha validez, salvo que estea rexistrado no concello, ou vén nos fora entregado conxuntamente co expediente do mes de maio (e non temos a constación de ningunha das dúas situacións). É máis, inclúen no expediente plenario copia dos certificados de correos e non do albarán do xantar?

Os albaráns non son documentos como as facturas, non teñen a obriga de estar correlativamente numerados e poden as empresas expedilos en calquera momento. É

dicir, a empresa puido facer un albarán coa data 03/12/2016 o día despois de realizarse o pleno.

Polo tanto, parece certamente un desatino que os servizos de Secretaría empreguen de xustificación un albarán atopado extemporaneamente como proba de que a comida foi, casualmente, o último día que vencían dous dos seis contratos dos traballadores afectados. E por outro lado, en conversa cos propios traballadores afirman que ese día 3 non foron a xantar, senón o 13, e que o xantar foi o menú do día, e que o menú que se aproba no pleno de maio de 2017 corresponde cunha factura que eles mesmos pagaron.

Ao longo da presente moción, o grupo municipal de Veciños realizou un relatorio xustificativo da aprobación da factura polo recoñecemento extraxudicial do pleno de maio. E a cada interpelación do noso grupo foi aparecendo unha nova mentira.

Os feitos relatados son moi graves. Presuntamente se trate dunha factura falsa polo que se poida falar da posibilidade dun delito de Corrupción e prevaricación, falsidade documental (nos informes asinados polo concelleiro) e tamén, a saber, da posibilidade dun delito en materia laboral.

É por iso que sometemos ao Pleno do concello a adopción dos seguintes acordos:

1. O Pleno do Concello de Boqueixón solicita a dimisión do Concelleiro de Servizos Xerais (Sr. Sanjuás Mera).
2. De non ser así, o pleno a reproba ao Concelleiro de Servizos Xerais (Sr. Sanjuás Mera) e solicita do Alcalde o cese como Concelleiro do equipo de goberno.

O Sr. Sanjuás di que se os albaráns non teñen valor algún, non se entende por qué sempre hai que acompañar ás facturas os correspondentes albaráns.

O Sr. Canabal di que a factura foi pagada polos traballadores, responde o Sr. Sanjuás que é mentira e que lle gustaría que trouxera aos traballadores ao pleno, segue dicindo que a comida foi un venres de decembro de 2016 e que os traballadores non pagaron esa comida senón que foi o concello. A comida foi o venres día 2 (segue dicindo) e logo chamei ao restaurante para que trouxeran o albarán, e como se foi comer sobre as catro da tarde xa non tiñan o menú. Todo isto, tivo lugar cando se executou a obra do muro da parte de abaixo. Di finalmente o Sr. Sanjuás que non dimite.

O Sr. Canabal preguntalle ao Sr. alcalde se non o vai cesar.

Responde o Sr. alcalde que non, porque non é un motivo suficiente para cesalo.

O Sr. Canabal solicita que conste en acta que o Sr. Sanjuás manifesta que foron comer o día 2 e non o día 3 como pon o albarán. Di así mesmo, que o sr. alcalde convertese en cómplice por unha factura de 140 €, e o Sr. Sanjuás di que se tanto problema causa unha comida dos traballadores por importe de 140 €, estádisposto a aboala el.

O Sr. Canabal di que o problema está en que mentiu catro veces.

Se máis procédese coa votación, votan a favor os representantes do grupo Veciños Boqueixón, e en contra os representantes do PP, polo que queda rexeitada.

Segunda: Declaración do Pico Sacro como BIC. Defende esta moción a Sra. Soutullo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Este monte, sito no termo municipal de Boqueixón, é unha mostra sobresañte do noso patrimonio.

O Pico Sacro elévase maxestoso sobre o Val do Ulla acadando os 533 m de altitude sobre o nivel do mar; é o primeiro mirador dende o que se pode contemplar Compostela.

Considerado como sitio histórico, polo seu vencello á tradición xacobeá e popular, constitúe un símbolo e sinal de identidade do noso concello, así coma un referente tanto dentro coma fóra das nosas fronteiras, grazas os distintos e numerosos estudos, artigos e relatos existentes.

A declaración do Pico como BIC servirá para protexer e poñer en valor un espazo natural sen parangón da nosa comunidade, potenciando o sector turístico o que repercutirá no desenvolvemento económico, cultural e social da zona.

Neste senso, o Decreto 430/1991, do 30 de decembro, polo que se regula a tramitación para a declaración de BIC e se crea o Rexistro de BIC para Galicia (DOG nº14 do 22 de xaneiro de 1992) establece no artigo 2.1 que “os bens inmobles integrados no patrimonio histórico de Galicia poderán ser declarados monumentos, xardíns, conxuntos e sitios históricos, así como zonas arqueolóxicas e lugares etnográficos de acordo co previsto no presente decreto” e tamén que “son sitios históricos os lugares ou paraxes naturais unidos a acontecementos ou recordos do pasado, a tradicións populares, creacións culturais ou da natureza e a obras feitas polo home, que teñan valor histórico, paleontolóxico ou antropolóxico”

É por iso que sometemos ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1) Que o Concello de Boqueixón inicie os trámites correspondentes para a declaración do Pico Sacro como BIC e a súa incorporación ao Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia, conforme ao Decreto 430/1991, do 30 de decembro.

O Sr. alcalde le un certificado de Secretaría sobre o acordo da Xunta de Goberno (do 4 de agosto de 2004) aprobando expediente elaborado e a remisión á Consellería de Cultura, Comunicacións Sociais e Turismo solicitando a declaración de ben de interese cultural.

Así mesmo, alude a unha noticia de prensa sobre dita declaración, de data 17 de xaneiro de 2005.

Dita solicitude foi remitida á Consellería o 5 de agosto de 2004, á cal non se deu trámite nin contestación por parte da Xunta de Galicia.

Á vista do cal, o Sr. Canabal di que modifica a moción no senso de reiterar esta petición á Consellería.

Por unanimidade acórdase reiterar esta solicitude de ben de interese cultural do Pico Sacro.

Terceira. Solicitude dun local na “Casa do Concello”.

Defende esta moción o Sr. Barcala.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Para un mellor funcionamento dos órganos de goberno da corporación, o ROF (Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais), aprobado polo Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, prevé nos artigos do 23 ao 29, a constitución de grupos municipais. Trátase con iso de garantir que a actuación dos membros das Corporación Locais se realice a través dos grupos políticos.

A este fin, o propio regulamento pon en marcha mecanismos que debeñen indispensables para o desenvolvemento da función que os mesmos teñen encomendada, mecanismos como o previsto no artigo 27, o cal dispón que *“nas medidas das posibilidades funcionais da organización administrativa da entidade local, os diversos grupos políticos dispoñan na sede da mesma dun despacho ou local para reunirse de maneira independente e recibir visitas dos cidadáns e o Presidente porá á súa disposición unha infraestrutura mínima de medios materiais e persoais”*.

Dito precepto constitúe unha manifestación concreta do artigo 23 da Constitución, en virtude do cal os/as concelleiros/as teñen dereito a exercer as facultades que ao seu cargo correspondan, non sendo admisible que actitudes opostas poidan constituír un obstáculo ao dereito que os/as veciños/as teñen, neste caso, por medio dos seus representantes lexitimamente elixidos a participar nos asuntos públicos.

Trátase en definitiva de facer efectivo un dereito recoñecido polo ordenamento xurídico.

O carácter reiterado desta solicitude, máis de dous anos solicitando a necesidade dun local na Casa do Concello, fai que a estas alturas non resulte admisible a carencia absoluta de medios de toda clase que permitan o exercicio digno e eficaz da nosa función.

É por iso que sometemos ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes acordos:

1.- Instar ao goberno municipal a adopción das medidas organizativas que corresponden tendentes a proporcionar un despacho ou local na “Casa do Concello” para o grupo municipal de Veciñ@s que representa á oposición, así como dunha infraestrutura de medios materiais á cal se ten dereito legal.

2.- Garantir o libre acceso dos representantes políticos e dos/as veciños/as que así o desexen ás dependencias municipais para poder realizar o labor encomendado para tal fin.

O Sr. alcalde di que nun tempo razoable poderase dispoñer dun local, posto que se está negociando con Espina Delfín para o seu traslado e estamos tratando de atopar un local

para eles. Penso, segue dicindo o Sr. alcalde, máis pronto que tarde dispoñerán dun local.

Por unanimidade acéptase esta moción e en curto prazo de tempo poderase dispoñer do local.

Cuarta: Sobre investigación mineira AC/C/7168

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

PRIMEIRO.- A través da Asociación Ecoloxista Verdegaia enterámonos que se ten solicitado un Permiso de Investigación Mineira, **AC/C/7168**, "Boqueixón", Solicitado 30/04/2012 sen saber nada máis sobre o tema.

SEGUNDO.- O Regulamento Xeral para o Réxime da Minaría, no seu art. 108.c) establece que os permisos de investigación se declararán caducados: "*c) Por expirar os prazos polos que foron outorgados ou no seu caso, as prórrogas concedidas, a non ser que dentro de ditos prazos, se solicitara a concesión de explotación derivada, en cuxo suposto quedará automaticamente prorrogado o permiso ata a resolución do expediente de concesión.*"

TERCEIRO.- O Tribunal Supremo, na súa sentenza de 6 de outubro de 2009, recurso 1221/2007, indica ao respecto, que o dereito de investigación "pérdese por incumprimento das condicións impostas no acto de outorgamento" e que sendo "**congruente co principio de proporcionalidade, principio xeral do dereito, que está recoñecido implicitamente no artigo 103 da Constitución, na cláusula de 'servir con obxectividade os intereses xerais, vincula á Administración a exercer as súas potestades de ordenación mineira conforme a canons de racionalidade'**".

CUARTO.- A sentenza da Sala do Contencioso Administrativo do TSX de Murcia, Sección 1.^a, de 22 de xullo de 2.011, n.º 785/2011, recurso 582/2006, indica que cando o precepto se refire á caducidade dos permisos de investigación de recursos da Sección c) que caducan por expiración do prazo da súa vixencia, **constatada dita expiración do prazo, a Administración declarará a caducidade do mesmo sen máis trámite, comunicándollo aos interesados.**

QUINTO.- Mesmo que a Sección de Minas da Xefatura Territorial de Economía, Emprego e Industria da Coruña teña denegado á Asociación Verdegaia a solicitude de información ambiental relativa a diversos permisos de investigación mineira, a Asociación considera que poden concorrer en varios deles os elementos que xa deberían ter motivado a declaración da súa caducidade por parte desa Xefatura Territorial.

É por iso que sometemos ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Que, tendo constancia a Asociación Verdegaia de estaren paralizados os traballos de investigación nos permisos de investigación referido no encabezamento durante máis de seis meses, non se tendo constancia de concesión de prórrogas por parte da administración, nin de que se teña manifestado a existencia de recursos susceptibles de uso racional (polos motivos expostos), e tendo expirado en base aos datos do Censo Catastral Mineiro de Galicia o prazo polo que foron outorgados, solicítase que se

proceda a declarar de oficio, *ope legis*, a caducidade do seguinte permiso de investigación:

- **AC/C/7168**, "Boqueixón", Solicitado 30/04/2012

Segundo.- Que, de forma expresa, se proporcione a este pleno do expediente relacionado e resposta sobre a iniciación ou non iniciación dos procedementos de declaración de caducidade do permiso de investigación referido no punto anterior, ao abeiro da *Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente*.

Terceiro.- Que, tamén ao abeiro da *Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente*, se resolvan favorablemente as solicitudes de acceso a información ambiental referentes aos expedientes administrativos dos permisos de investigación realizados pola Asociación Verdegaia.

Por unanimidade acórdase solicitar ver o expediente.

8. Rogos e preguntas

Rogos e preguntas formuladas por Xabier Canabal que serán contestadas por escrito:

8.1. SOBRE A SOLICITUDE DOS PROXECTOS QUE SON OBXECTO DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA.

Rogamos que nos faciliten copia dixitalizada dos proxectos de obra que foron obxecto da modificación orzamentaria. Salvo o da rúa de Hixinio Ansemil e outros, non puidemos ter acceso a estes proxectos.

8.2. SOBRE OS PLANOS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO.

Fixemos xa hai tempo unha petición para ter os planos de abastecemento e saneamento dixitalizados. Non sabemos máis desta petición. Poderían facilitárnolos?

8.3. SOBRE UN PECHE REALIZADO NA ALDEA DE LOUREDA.

Na pasada semana puidemos ver un peche realizado na aldea de Loureda, peche que parece que non cumpre coas distancias mínimas ao eixo da pista municipal e que non deixa cuneta, polo que existe un risco de enchentas cando veñan as épocas chuviosas.

Non temos tampouco constancia se este conta ou non con licenza municipal.

E por iso polo que preguntamos:

- Ten constancia o concello da realización deste peche?
- En caso afirmativo, cumpre coas distancias marcadas no planeamento?
- Rogamos aos servizos de vías e obras que se interese por esta obra.

8.4.- SOBRE O PARQUE DE BOMBEIROS COMARCAL.

Neste punto quixeramos ter información sobre as reunións mantidas polo alcalde, porque nos últimos meses temos versións contraditorias polo que podemos seguir pola prensa.

- En que fase está a negociación do parque de bombeiros?
- Cal é o modelo definitivo que se vai elixir?

8.5.- SOBRE A SITUACIÓN DE CORREOS.

Temos diversas informacións relativas ao tema de correos que os carteiros van a ter que desprazarse a diario a Santiago. Temos tamén informacións que os alcaldes tiveron algunha reunión cos responsables de correos, sen saber cales foron os acordos que se adoptaron.

- Adoptouse algún acordo en relación á situación de Correos?
- En caso positivo, cales son estes acordos? Respectan o espírito da moción aprobada por unanimidade deste pleno?

Rogos e preguntas formuladas por Maricarmen Soutullo, que serán contestadas por escrito:

8.6.- SOBRE O TRANSPORTE E LIÑAS COMPARTIDAS.

Rogamos se nos informe, ante o comezo do curso escolar, do funcionamento no noso concello do transporte compartido e así mesmo se facilite a información precisa aos posibles usuarios do mesmo (rutas, paradas, prezos, requisitos, ...).

Por outro lado, a que é debido que este ano se reducise a metade o número de usuarios do transporte metropolitano?

Será que temos razón cando dicimos que este transporte no noso concello non cobre as necesidades dos usuarios (Frecuencia horaria deficiente , tramos que quedan sen cubrir)

8.7.- SOBRE O ESCRITO PRESENTADO NO CONCELLO DOS AMIGOS DA PONTE.

Dar o noso apoio a esta asociación en referencia ao escrito dirixido aos alcaldes de Vila de Cruces e Boqueixón donde se fan unha serie de peticións para a conservación e posta en valor do conxunto histórico que conforman a Ponte Ledesma e as Insuas de Gres.

- Ponte Ledesma: Plan de mantemento da mesma e tala de algunhas árbores .
- Insuas de Gres: Colocación axeitada das dúas pedras que se atopan a carón da capela e colocación de unha lenda informando do seu significado e limpeza e conservación das illas.

Parecen ser os únicos que se interesan por un emblema do noso concello, como son a Ponte e o entorno das Insuas.

8.8.- SOBRE A POUCA INFORMACIÓN DAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS POLO CONCELLO.

Rogamos máis información sobre as diferentes actividades que se realizan, tanto se son por parte do concello coma se este é un dos seus colaboradores.

Moitos veciños teñen que enterarse polo boca a boca .

Xa sabemos que algunhas delas se anuncian na páxina web pero non todo o mundo ten acceso a ela.

8.9.- SOBRE A XANELA DE VERÁN.

- Houbo este ano publicación da Xanela de verán?
- En caso de que non se publicara. Por qué?

8.10.- SOBRE A ELABORACIÓN/EXECUCIÓN DUN PLAN TURÍSTICO MUNICIPAL.

Rogamos se realice un Plan Turístico Municipal coa colaboración de diversas entidades na que se recollan historia, sinais de identidade, puntos ou enclaves de especial interese, rutas de sendeirismo ,...

Se o turismo é unha importante fonte de ingresos, no noso concello estamos desperdiciándoa por falla de información.

Xa tratamos este tema en plenos anteriores pero pasou o verán e nada se fixo.

8.11.- SOBRE A FALTA DE LIMPEZA NO CONCELLO.

Insistir na falla de limpeza en locais públicos coma escolas, centros médicos, locais sociais, parques infantís , pistas , camiños , ...

Rogamos se faga algo (bandos, notas informativas, ...) para incentivar á veciñanza a facer uso dos diversos colectores, punto limpo, recollida de voluminosos, ... para así contribuír a manter limpo o noso concello. Atópase lixo de todo tipo en lugares inimaxinables.

8.12.- SOBRE O USO DOS LOCAIS SOCIAIS.

Rogamos se nos informe dos seus usos actuais. Pois se algún deles se atopa sen actividade poderíase mirar de dedicar a outros usos.

8.13.- SOBRE A PROBLEMÁTICA DA AUGA MUNICIPAL.

Nos últimos meses temos multitude de queixas sobre o servizo municipal de abastecemento de auga (chega a auga toldada, de distintas cores, houbo cortes por avarías e estes non foron informados...)

Ademais disto dicir tamén que o trato que reciben por parte dun dos traballadores do Concello deixa moito que desexar. Ademais de non proporcionar a información solicitada, as maneiras deste traballador en concreto é chulesca e burlona, cousa que por outra parte empaña a laboura do resto dos traballadores municipais.

- Poderían informarnos a que se deberon todas estas eivas, onde afectou e a que foi debido?
- Por outro lado, se persiste a actual seca, podemos atoparnos con restricións no abastecemento de auga?

8.14.- SOBRE O SEGUIMENTO E INFORMACIÓN DAS PLANTACIÓNS FORESTAIS.

Rogo se faga un seguimento das plantacións agrícolas e forestais que se fan e o mesmo tempo informar os veciños do seu regulamento e posibilidades de aproveitamento das súas parcelas, evitando a posteriori ter que facer talas ilegais.-

8.15.- SOBRE A LIMPEZA DO CAMIÑO DE CASTRO.

Finalizouse a limpeza do camiño de Castro de Abaixo ao monte?

8.16.- SOBRE A LISTA DE ESPERA PARA NOVOS USUARIOS DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO.

Poden informar da demanda que hai no SAF por libre concorrencia e cal é a actual lista de espera?

Rogos e preguntas formuladas por Perfecto Barcala que serán contestadas por escrito:

8.17.- SOBRE A INSTALACIÓN DE PLACAS SOLARES EN EDIFICIOS MUNICIPAIS.

Rogo que se instalen paneis solares nos edificios e instalacións do concello, co fin de promover o aforro enerxético e ao mesmo tempo fomentar o uso de enerxías limpas. Hai varios concellos que xa usan estas enerxías con moi bo resultado.

8.18.- SOBRE A GRAVACIÓN DOS PLENOS E A DISPOSICIÓN DUNHA CANLE EN INTERNET.

Rogamos que se graven os plenos en video e audio e a creación dun canal de Youtube onde se poidan subir todos os Plenos do Concello, así como todos os actos culturais e lúdicos organizados por as distintas asociacións, deportivas, culturais, festivas, etc. E por suposto as do propio Concello.

8.19.- SOBRE O PROTOCOLO DOS ARRANXOS NO CONCELLO. O CASO DAS MELLORAS DO CONTRATO DE MANTEMENTO DO ALUMEADO PÚBLICO.

Rogo que se cre un protocolo de actuación nas distintas labouras de reparación e mantemento das instalación do Concello, cunha reportaxe fotográfica anterior á reparación e posterior á reparación, co seu correspondente expediente donde se expoñan os materiais empregados na reparación e o seu custo detallado na correspondente factura a fin de poder establecer en todo momento onde se fan as reparacións e o control dos materiais empregados e así mesmo o reciclado dos materiais inservibles, e o seu destino final.

8.20. SOBRE AS ARQUETAS DE LEDESMA.

- Cantas arquetas se van arranxar na estrada aglomerada na Ponte Ledesma e cal e o seu custo? Hai varias que fan moito ruído cando pasan os coches.

8.21. SOBRE A FALTA DE LIMPEZA NO CONCELLO.

Volto facer a petición de limpeza dos contornos públicos do noso concello, rúas, estradas, parques, escolas unitarias, cunetas, tanatorio, centro de saúde, prazas, fontes, zonas turísticas, ademais de recordar aos nosos veciños a necesidade de manter limpo o entorno natural fomentando para isto unha campaña de limpeza do Concello.

8.22. SENDA PEONIL. ENTORNO DE CASTRELO.

Rogo se faga una limpeza das distintas sendas peonís e no caso concreto de Castrelo, en Lestedo, cando se proceda co aglomerado desta pista se dote á mesma de senda peonil, posto que e una zona moi transitada por peregrinos e bastante perigosa.

8.23. SOBRE A SITUACIÓN DE ABANDONO DO TANATORIO MUNICIPAL.

En canto ao tanatorio, queremos deixar explicitamente constancia do seu estado de abandono: Sucio, necesita arranxo da porta dos baños, necesidade de máquinas expendedoras de bebidas, falta de bancos para sentarse no exterior e mesmo no interior, mal funcionamento do aire acondicionado.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria-interventora

Visto e prace
O alcalde